



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Promoción Económica

*Aprobación das bases reguladoras de subvencións para a mellora da accesibilidade: instalación de ascensores e a eliminación de barreiras arquitectónicas en edificacións residenciais do municipio de Arteixo*

O Pleno da Corporación en sesión Ordinaria celebrada o mércores 27 de marzo de 2024, acordou a aprobación das bases reguladoras de subvencións para a mellora da accesibilidade: instalación de ascensores e a eliminación de barreiras arquitectónicas en edificacións residenciais do municipio de Arteixo. Dando cumprimento ao acordo plenario, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases están expostas no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.

Arteixo, a 4 de abril de 2024

O ALCALDE

Por delegación, Decreto 2027/2023

Asdo. Angel Vázquez Sande

Concelleiro de Promoción Económica e Festas

#### **BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE: INSTALACION DE ASCENSORES E A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICACIÓNS RESIDENCIAIS DO MUNICIPIO DE ARTEIXO.**

##### **Primeira.- Obxecto**

O obxecto destas bases é a regulación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a determinadas actuacións de rehabilitación edificatoria, en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras, nas edificacións de tipoloxía residencial do municipio de Arteixo.

##### **Segunda.- Actuacións subvencionables**

2.1.- Serán actuacións subvencionables, para os efectos da concesión das axudas económicas previstas nestas Bases, aquelas obras e instalacións novas de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas en edificacións residenciais sitas no termo municipal de Arteixo, que reúnan os requisitos especificados na Base Cuarta, e sempre que se adecúen á normativa vixente e sexan executadas por empresas legalmente homologadas e autorizadas.

2.2.- As actuacións subvencionables deberán ser conformes coa normativa urbanística aplicable, e por tanto, deberán contar coa correspondentes licencia municipal de obras, ou, no seu caso, someterse ao réxime de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

2.3.- Contémplanse as seguintes actuacións subvencionables para a accesibilidade integral.

- a. Primeira instalación de ascensores, salvaescaleiras, plataformas elevadoras, ramplas ou calquera outro dispositivo de accesibilidade, incluídos os adaptados as necesidades de persoas con discapacidade sensorial.
- b. Instalación de elementos de apoio, como grúas ou aparellos análogos, que faciliten o acceso e uso por persoas con discapacidade.
- c. Instalación de elementos de información e aviso, luminoso e sonoro, que facilite a orientación nos usos de ascensores e escaleiras.
- d. A obra civil de baixada a “cota 0” precisa para a substitucións do ascensor.
- e. Calquera outra instalación de elementos e/ou obras que sirvan para salvar o desnivel existente ata o portal e entre este e o ascensor (peldaños, escalóns...) e, en xeral, contribúan a salvar as barreiras arquitectónicas en escaleiras e vestíbulos.

2.4.- Son subvencionables instalacións novas quedando excluídas as melloras, ampliacións, substitucións, reformas ou reparacións de elementos preexistentes. No obstante, serán subvencionables os gastos referidos á modificación de elementos preexistentes na edificación para a súa adaptación á normativa de accesibilidade.

### **Terceira.- Beneficiarios**

3.1.- Poderán beneficiarse das axudas reguladas nestas Bases:

- a) as comunidades de propietarios de edificios de tipoloxías residencial colectivas sitos no termo municipal de Arteixo (A Coruña),
- b) os titulares de vivendas unifamiliares sitas no termo municipal de Arteixo que realicen algunha das actuacións subvencionables.

3.2.- Os beneficiarios das axudas deben dar cumprimento ós requisitos establecidos no artigo 5 da Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3.3.- Os beneficiarios deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Arteixo, a non ter débeda pendente coa Facenda do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, nin coa Seguridade Social, tanto no momento da concesión da subvención como no momento do pago da mesma.

3.4.- Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles que incorran en calquera das prohibicións establecida no artigo 5 da Ordenanza Xeral Reguladora da concesión de subvencións municipais e nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

### **Cuarta.- Requisitos das edificacións**

A edificación onde se pretenda levar a cabo a actuación subvencionable deberá reunir os seguintes requisitos:

- Ser de tipoloxía residencial e sitas no municipio de Arteixo.
- Carecer dos dispositivos de accesibilidade que se soliciten (ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros).
- No caso de edificios residenciais colectivos, estar composta como mínimo de baixo e dúas plantas.
- Que polo menos o 60% da súa superficie teña uso residencial, excluídos os baixos e entresolos.
- Non ter incoado nin resolto expediente por infracción urbanística.

### **Quinta.- Duración do programa e crédito dispoñible**

5.1.- Este programa de axudas desenvolverase no exercicio que se determina en cada convocatoria.

5.2.- As axudas concederanse durante o citado exercicio con cargo ao correspondente orzamento municipal de gastos e en réxime de concorrencia competitiva ata esgotar o crédito anual dispoñible.

No obstante, o Concello de Arteixo poderá suplementar ou incrementar a dotación orzamentaria, se así o estimase convinte, coas condicións e de acordo co procedemento legalmente establecido.

5.3.- A aplicación orzamentaria á que se imputarán as axudas do programa será a 1522.78000.

### **Sexta.- Ámbito temporal das actuacións.**

Serán subvencionables as actuacións iniciadas con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano que se determine na correspondente convocatoria que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

### **Sétima.- Importes, límites e incompatibilidades das axudas**

7.1.- A contía máxima da axuda que se poderá conceder a cada comunidade de propietarios será dun 50% dos custos totais subvencionables e ata un máximo de 20.000,00 euros. No caso de vivendas unifamiliares, será dun 50% dos custos totais subvencionables ata un máximo de 10.000,00 euros por vivenda unifamiliar.

7.2.- Estas axudas serán compatibles con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados, se ben o total das axudas percibidas non poderá superar o 100% do custo subvencionable, podendo neste caso reducirse as contías concedidas polo Concello como consecuencia da aprobación posterior doutras axudas para o mesmo fin.

As beneficiarias de subvención, que finalmente perciban indemnizacións para acometer a obra subvencionada, tanto derivada de seguros como de procesos litixiosos ou sexan beneficiarias de axudas de outras entidades, deberán poñelo en coñecemento do Concello de Arteixo, a fin de comprobar que non exista sobre financiamento e recalcular, de selo caso, as axudas que en cada caso correspondan.

**Oitava.- Gastos subvencionables**

8.1.- Os gastos subvencionables a través deste programa de axudas será o custo das obras ou instalacións efectivamente realizadas, incluídos os honorarios dos profesionais que interveñan na redacción do proxecto técnico ou da memoria valorada, informes técnicos e certificados, que sexan preceptivos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

8.2.- En xeral, considéranse subvencionables os custos de equipamentos, materiais, obra civil, man de obra e os impostos indirectos asociados á obra e posta en servizo do ascensor/salvaescaleiras, de maneira que quede operativo.

8.3.- O custo subvencionable das obras, incluíndo os gastos sinalados no apartado anterior, non poderán superar os custos medios do mercado que corresponda a tales actuacións, os cales e determinarán de conformidade coa derradeira edición publicada da base de prezos da construción de Galicia ou normativa que a substitúa respecto da data da solicitude da subvención.

8.4.- Os traballos de instalación de ascensores e salva escaleiras deberán ser executados por empresas habilitadas, de acordo coa lexislación vixente en materia de ascensores e deberán contar co proxecto e dirección técnica que resulte preceptivo, de acordo co alcance da actuación que se subvenciona.

8.5.- Cando o gasto subvencionable supere os 20.000,00 €, deberán solicitarse polo beneficiario/a da subvención concedida un mínimo de tres orzamentos a contratistas diferentes.

**Novena.- Criterios de selección**

9.1.- As subvencións adxudicaranse en réxime de concorrencia competitiva, ata que se esgote o crédito orzamentario, seguindo a orde de prelación das solicitudes completas presentadas de conformidade co previsto nas presentes Bases.

9.2.- Para o ordenamento das solicitudes presentadas, terase en conta os seguintes criterios obxectivos, segundo valoración técnica:

- a) Accesibilidade dos residentes. As dificultades engadidas que teñen determinados colectivos ante a existencia de barreiras arquitectónicas nos seus lugares de residencia, faise necesario ofrecerlle unha maior protección que redunde na mellora das súas condicións de accesibilidade. Ata un máximo de 50 puntos.
  - i. Mínimo do 50% dos residentes con idade igual ou maior de 65 anos: 15 puntos.
  - ii. Mínimo unha persoa residente con mobilidade reducida, legalmente recoñecida: 20 puntos.
  - iii. Mínimo dunha persoa residente en situación de dependencia, debidamente acreditada: 15 puntos
- b) Tipoloxía da edificación: número de andares. Ata un máximo de 20 puntos.
  - i. Baixo + dous andares (mínimo): 5 puntos.
  - ii. Baixo + tres andares: 10 puntos.
  - iii. Maior número de andares: 20 puntos.
- c) Tipoloxía da actuación para accesibilidade integral. Ata un máximo de 30 puntos.
  - i. A actuación inclúe instalación de ascensor e outros elementos: 30 puntos.
  - ii. A actuación inclúe unicamente instalación de ascensor: 20 puntos.
  - iii. A actuación non inclúe instalación de ascensor: 5 puntos.

No caso de empate, terá preferencia a maior puntuación obtida no apartado a) referido.

A continuación, a obtida no apartado c), e finalmente, a do apartado b).

**Décima.- Presentación de solicitudes****10.1.- Lugar de presentación de solicitudes**

A solicitude, xunto coa documentación preceptiva, deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello ou nos rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos coas Administracións Públicas.

**10.2.- Prazo de presentación:**

O prazo de presentación de solicitudes para optar a estas axudas será o establecido na convocatoria específicas destas axudas que se publicará na Base Nacional de Subvencións (BNDS) e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

### 10.3.- Documentación a achegar:

- a. Impreso de solicitude e declaración responsable conforme ao modelo das presentes Bases que se achega como Anexo I e Anexo II, asinados polo solicitante, representante da comunidade de propietarios ou da persoa facultada para os efectos de tramitación da subvención.
- b. Copia do DNI do solicitante ou do CIF da comunidade de propietarios solicitante. No caso dunha Comunidade de Propietarios, deberá aportar DNI do representante da comunidade de propietarios solicitante e acreditación documental da dita representación.
- c. No caso de Comunidades de Propietarios, certificado de quen exerza as funcións de secretario/a da comunidade de propietarios ou acta da Xunta de Propietarios, tanto do acordo de realización da actuación para a cal se solicita a subvención, como o acordo de solicitar esta.
- d. Anteproxecto técnico asinado por técnico competente habilitado, no que se inclúa o orzamento desagregado e detallado do custo do investimento ou autorización para recabar o proxecto do departamento de urbanismo.
- e. No caso de Comunidades de Propietarios, acta do acordo da Xunta de Propietarios polo que se adxudica a obra a determinada empresa contratista, xunto coa xustificación dos orzamentos que se teñan solicitados (mínimo de 3 ofertas cando o gastos subvencionables supere os 20.000,00 €).
- f. No caso de vivendas unifamiliares, escritura de propiedade ou calquera outro documento que acredite a titularidade da vivenda do solicitante.
- g. Modelo de Designación de Conta Bancaria (DCB) na que, no seu caso, desexa que se realice o ingreso da axuda.
- h. Certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Concello, Facenda do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, ou autorización expresa para que o Concello acceda a esta información (Anexo II das presentes Bases).
- i. Para a aplicación dos criterios de selección, a acreditación documental das circunstancias previstas nos mesmos.

10.4.- No caso de observarse defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, notificarase aos solicitantes, concedéndoselles un prazo de 10 días para que enmenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, teráselles por desistidos da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, poderá requirirse ao solicitante para que presente canto datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

### Undécima.- Proposta e acordo de outorgamento.

11.1.- Recibidas as solicitudes xunto coa documentación preceptiva, a instrución do procedemento levarase a cabo pola Concellaría de Promoción Económica do Concello de Arteixo, onde se creará unha Comisión de Valoración e Seguimento, formada polo/a concelleiro/a de Promoción Económica ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente e un número mínimo de dous técnicos/as, designados pola Alcaldía, actuando un deles como secretario/a. A Comisión avaliará as solicitudes presentadas e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución. Do resultado da reunión ou reunións mantidas pola Comisión de Valoración redactarase a acta polo secretario/a e elaborarse proposta definitiva de concesión de subvención ou no seu caso, de denegación ou exclusión das mesmas.

11.2.- A proposta definitiva da Comisión de Valoración remitirase ao órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións no prazo máximo de tres meses desde o último día de prazo de presentación de solicitude. Se transcorre o prazo máximo establecido para resolver, sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

A resolución de non admisión da solicitude, así como a que poña fin ao procedemento, concedendo ou non as axudas solicitadas, deberán ser notificadas ás persoas interesadas no prazo anteriormente indicado, con expresión dos recursos procedentes contra as mesmas.

Contra as ditas resolucións, que poñen fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou, se o acto non fose expreso, en calquera momento a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto; ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do días seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presun-

to. Se se interpón recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

#### **Duodécima.- Xustificación e pagamento da subvención**

12.1.- O prazo máximo de xustificación da subvención concedida será o establecido na convocatoria anual destas axudas que se publicará na BNDS e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. En todo caso, antes da data de xustificación as obras subvencionadas deben estar completamente finalizadas.

12.2.- Para xustificar as actuacións subvencionadas, os beneficiarios deberán presentar a seguinte documentación:

- a. Declaración responsable do cumprimento dos requisitos e condicións e da finalidade que determina a concesión da subvención (anexo III).
- b. Certificado final de obra, de ser o caso.
- c. No seu caso, acta ou documento de posta en marcha do aparello elevador e acreditación da súa alta no Rexistro de Aparellos Elevadores da consellería competente en materia de industria da Xunta de Galicia ou certificado de instalación.
- d. Conta xustificativa (anexo III) coa que deben achegar as facturas da totalidade dos gastos subvencionados que deberán reflectir de maneira desagregada o seu importe e de conformidade con documento técnico presentado para a obtención da subvención. Tales documentos deberán cumprir cos requisitos legais e regulamentariamente establecidos.
- e. Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas. Non se admitirán pagos en efectivo.
- f. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias co Concello, Facenda do Estado e Facenda da Xunta de Galicia, e coa Seguridade Social. O beneficiario poderá autorizar ao Concello para a súa obtención.
- g. Declaración responsable de non ter obtido ningunha outra axuda e/ou indemnización, pública ou privada, para a mesma finalidade para a que foi concedida a axuda. De selo caso, xustificación documental das concedidas ou percibidas, indicando á entidade de que se percibe e a súa contía (Anexo III das presentes Bases).

12.3.- A falta de presentación da xustificación, ou a xustificación incompleta ou incorrecta no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, e as demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

12.4.- O Concello de Arteixo poderá comprobar, mediante a utilización dos medios que considere oportunos, a correcta aplicación das contías outorgadas en relación cos fins pretendidos, controlando o gasto e esixindo, de selo caso, responsabilidades, así como o reintegro de fondos, no caso de non ter sido cumprida a finalidade que motivou a concesión.

12.5.- Previa a xustificación da subvención nos termos previstos nas presentes Bases, a Xunta de Goberno Local, a proposta do técnico competente, procederá á aprobación da referida xustificación, autorizado o pago por importe da contía concedida e xustificada.

O pago realizarase mediante transferencia á conta bancaria designada polo solicitante.

12.6.- As subvencións serán minoradas proporcionalmente se o investimento xustificativo e inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución da concesión, sempre que estea garantida a consecución do obxecto destas bases. Para isto, o beneficiario deberá realizar unha reformulación da solicitude inicial, segundo o art. 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, mantendo o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos.

#### **Decimo terceira.- Obrigas e revogación de axudas**

13.1.- Son obrigas dos beneficiarios:

- a. O cumprimento de todo o establecido nas presentes Bases.
- b. Utilizar a subvención para o fin concreto para o que foi concedida e nos prazos establecidos.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Concello de Arteixo considere pertinentes durante e despois das obras.
- d. Someterse ás actuacións de comprobación, fiscalización e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e. Conservar as facturas e os demais documentos xustificativos de aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- f. As demais obrigacións recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- g. Executar as actuacións subvencionadas de acordo co anteproxecto presentado coa solicitude e, polo tanto, de acordo coa licenza urbanística ou a comunicación previa e a documentación técnica presentada, dentro dos prazos máximos que se indiquen na respectiva resolución de concesión e, de ser o caso, na licencia urbanística, cumprindo as demais condicións e prescricións que nela se establezan.

13.2.- Revogación de axudas: as axudas concedidas poderán ser revogadas, previa audiencia do interesado, por falseamento de datos ou incumprimento de calquera condición recollida nas presentes Bases.

**Décimo cuarta.- Incumprimento e reintegro das axudas**

1. Se algún beneficiario incumprise calquera dos requisitos establecidos nas presentes bases ou as condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, revogaranse as subvencións, coa obriga de reintegrala, nos termos legal e regulamentariamente establecidos.
2. Así mesmo, procederá o reintegro da subvención concedida e dos xuros de mora correspondentes, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 14 da Ordenanza Municipal Reguladora da concesión de subvencións municipal.
3. Os/As beneficiarias das axudas reguladas nas presentes bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Ordenanza Xeral Reguladora da concesión de subvencións municipais e demais normativa aplicable.

## ANEXO I

## SOLICITUDE

## A. DATOS SOLICITANTE:

NOME:		DNI/CIF:
Enderezo da actuación:		
Código postal	Parroquia	Concello
Teléfono	Correo electrónico	

## B. DATOS DO REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DOMICILIO		MUNICIPIO	PROVINCIA
COD. POSTAL	TELÉFONO	TÍTULO DE REPRESENTACIÓN:	

## C. DESTINO SUBVENCIÓN:

1. Descrición da tipoloxía da actuación para a que se solicita a subvención:

- Liña 1: Instalación de ascensor  
 Liña 2: Instalación de salvaescaleiras  
 Liña 3: Instalación de ramplas e outros dispositivos de accesibilidade

2. Custo subvencionable (custo da actuación para a que se solicita a subvención):

\_\_\_\_\_.

3. Importe da subvención que se solicita: \_\_\_\_\_.

## D. REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIO (marcar o que proceda):

- Tratarse dunha edificación de carácter residencial e sitas no municipio de Arteixo.  
 Carecer dos dispositivos de accesibilidade que se solicitan.  
 No caso de edificios residenciais colectivos, estar composto como mínimo de baixo e dúas plantas.  
 Que polo menos o 60% da súa superficie teña uso residencial, excluídos os baixos e entresolos.  
 Non ter incoado nin resolto expediente por infracción urbanística.

## E. DOCUMENTACIÓN A APORTAR:

- Anexo I de solicitude.  
 Copia do DNI do solicitante. No caso de Comunidades de Propietarios, CIF da Comunidade, DNI do representante e acreditación documental da representación.  
 No caso de Comunidade de Propietarios, certificado de quen exerza as funcións de secretario/a da comunidade de propietarios ou acta da Xunta de Propietarios, tanto do acordo de realización da actuación para a cal se solicita a subvención, como o de solicitar esta.  
 Anteproxecto técnico asinado por técnico competente habilitado, no que se inclúa o orzamento desagregado e detallado do custo do investimento ou autorización para recabar o proxecto do departamento de urbanismo.  
 No caso de Comunidades de Propietarios, acta do acordo da Xunta de Propietarios polo que se adxudica a obra a determinada empresa contratista, xunto coa xustificación dos orzamentos que se teñan solicitados (mínimo de 3 ofertas cando os gastos subvencionables superen os 20.000,00 €).  
 No caso de vivendas unifamiliares, escritura de propiedade ou calquera outro documento que acredite a titularidade da vivenda do solicitante, e un mínimo de 3 ofertas cando os gastos subvencionables superen os 20.000,00 €).  
 Modelo de Designación de Conta Bancaria (DCB).  
 Acreditación das circunstancias previstas para a aplicación dos criterios de selección.  
 Declaración responsable e autorización do anexo II.

En Arteixo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

Segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos persoais recollidos a través desta solicitude servirán para administrar e xestionar as convocatorias de subvencións. Poderán ser cedidos á Base Nacional de Subvencións e publicarse na páxina web. O órgano responsable destes datos é o Concello de Arteixo e o enderezo onde o interesado/a poderá acceder, rectificar, cancelar e opoñerse aos datos é a praza alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo.

**SR/A. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE ARTEIXO**



**ANEXO II****DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN**

D \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, en nome propio ou representante da comunidade de propietarios de \_\_\_\_\_ con CIF \_\_\_\_\_.

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

- Que o/a solicitante se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria Estatal (AEAT), Facenda da Xunta de Galicia (ATRIGA), co Concello de Arteixo e coa Seguridade Social, para o cal autoriza a súa obtención ao Concello de Arteixo.
- Que o/a solicitante non incorre en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para a obtención de subvencións públicas.
- Que acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
- Que para a presente actuación, solicitáronse e/ou concedéronse as axudas que se relacionan a continuación (acreditar documentalmente este extremo):

Axuda	Organismo	Norma	Solicitada / Concedida	Ano	Importe

ou, alternativamente:

- Que non solicitou, nin por tanto ten concedida, outras axudas ou subvencións de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, para a mesma finalidade.
- Que acepta as actuacións de comprobación dos referidos datos que realice o Concello de Arteixo para os efectos do cumprimento do establecido nas Bases específicas reguladoras deste Programa.

En Arteixo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**ANEXO III****XUSTIFICACIÓN****DATOS DO BENEFICIARIO/A**

NOME		DNI/CIF	
Enderezo			
Código postal	Parroquia	Concello	
Teléfono		Correo electrónico	
Representante		DNI	

**DECLARA:**

- 1.- Que cumpriu os requisitos, as condicións e a finalidade que se determinou na concesión da subvención.
- 2.- Que aporta o certificado final de obra, instalación, ou, de ser o caso alta no Rexistro de Aparellos Elevadores da Xunta de Galicia ou certificado de instalación.
- 2.- Que RECIBIU/NON RECIBIU (tache o que non proceda) outra axuda ou subvención para a mesma finalidade (en caso afirmativo acreditar documentalmente):

ENTIDADE	IMPORTE

- 4.- Que presenta a memoria xustificativa do custe das actuacións realizadas (arts.72 e 75 do RD 887/2006, de 21 de xullo), con facturas e demais documentación acreditativa dos gastos realizados, xunto co pago bancario das mesmas segundo o seguinte detalle:

NºFACTURA	CONCEPTO DE GASTO	PROVEEDOR	IMPORTE	DATA EMISIÓN	DATA PAGO

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

2024/2290